



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Dixitalización e edición	Código	613836043	
Titulación	Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (2013)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Española e Latina			
Coordinación	Gonzalez Muñoz, Luis Fernando	Correo electrónico	fernando.gonzalez.munoz@udc.es	
Profesorado	Gonzalez Muñoz, Luis Fernando Saavedra Places, María de los Angeles	Correo electrónico	fernando.gonzalez.munoz@udc.es angeles.saavedra.places@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo integrado dos procesos, convencións e ferramentas de edición tradicionais, e dos sistemas de codificación dixital e preservación dos materiais textuais e audiovisuais en contornos virtuais.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A9	Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)
A10	Capacidade no manexo das diferentes tecnoloxías lingüísticas que conforman a actual sociedade do coñecemento: dicionarios electrónicos, correctores e tradutores automáticos, e sistemas de aprendizaxe de lingua asistida por ordenador.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B7	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B8	Capacidade dos estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora.
B9	Capacidade dos estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais
C3	Utilización das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asunción, como profesional e como cidadán/a, da importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)		Competencias da titulación	
Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)		A19	
Capacidade no manexo das diferentes tecnoloxías lingüísticas que conforman a actual sociedade do coñecemento: dicionarios electrónicos, correctores e tradutores automáticos, e sistemas de aprendizaxe de lingua asistida por ordenador.		A10	
Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo			BI2



Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.		BI7	
Capacidade dos estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora		BI8	
Capacidade dos estudantes para abrir vías de investigación novidasas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais		BI9	
Utilización das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			CM3
Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse			CM6
Asunción, como profesional e como cidadán/a, da importancia da aprendizaxe ao longo da vida			CM7
Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción	1.1. Dispositivos de almacenaxe da información 1.2. Concepto de codificación
2. Representación da información: métodos e formatos	2.1. Textos 2.2. Imaxes 2.3. Audio e vídeo
3. Preservación da información	3.1. Necesidade 3.2. Problemática
4. A edición	4.1. Tipoloxía 4.2. Procesos de xestión editorial 4.3. Recursos e ferramentas xerais para a edición
5. Novos soportes e tecnoloxías de edición	5.1. Soportes magnéticos 5.2. Contornos virtuais

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	10	18	28
Prácticas a través de TIC	5	20	25
Traballos tutelados	0	18	18
Proba obxectiva	2	0	2
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesións expositivas en que se presentarán contidos teóricos en combinación con exercicios prácticos
Prácticas a través de TIC	Aulas de prácticas en que se traballará con computadores, escáneres e outros dispositivos das aulas informáticas do centro.
Traballos tutelados	Elaboración dun conxunto relevante de materiais dixitais multimedia, combinada cun exercicio de revisión lingüística, ortotipográfica e maquetación dun texto, coa elaboración dos seus respectivos paratextos.
Proba obxectiva	Realización dun exame final onde haberá preguntas abertas de desenvolvemento e/ou preguntas de resposta breve ou test sobre os contidos impartidos nas sesións teóricas, coas respectivas remisións bibliográficas



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Sesión maxistral Prácticas a través de TIC	Prevese que entre o alumnado haberá diferenzas salientábeis tanto en canto á súa familiarización con conceptos e termos informáticos, como en canto ás habilidades para o manexo de ferramentas informáticas. É por iso que se prevé desenvolver unha atención personalizada para as aulas e mais para os traballos que desenvolverán de forma individual.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	O traballo tutelado terá carácter obrigatorio e deberá ser entregado na data que se fixe o primeiro día de clase	50
Sesión maxistral	Avaliarase a asistencia, participación e a actitude de cada alumno/a nas sesións expositivas.	5
Prácticas a través de TIC	Avaliarase o progreso e aproveitamento de cada alumno/a nas aulas prácticas.	5
Proba obxectiva	Realización dun exame final onde haberá preguntas abertas de desenvolvemento e/ou preguntas de resposta breve ou test sobre os contidos impartidos nas sesións teóricas e os desenvolvidos polas fontes de información bibliográfica.	40

Observacións avaliación

<p>Para superar a materia será necesario acadar o 50% da puntuación máxima tanto do exame (proba mixta) como do traballo tutelado. De non acadar esta puntuación nalgunha das probas, a cualificación que aparecerá nas actas será, como máximo, un 4.0.</p> <p>De non acadar a puntuación mínima de aprobado na oportunidade de xuño, en xullo haberá unha segunda oportunidade de superar traballo e proba.</p> <p>O estudante será cualificado como non presentado cando só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación acadada.</p> <p>Aos estudantes que teñan unha modalidade de matrícula con dispensa de asistencia seralles aplicadas as porcentaxes do 50% para o traballo e o 50% para a proba mixta final.</p>
--

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Prieto Espinosa, A., Prieto Campos, B. (2005). Conceptos de Informática. McGraw-Hill - Polo Pujadas, M. (2007). Creación y gestión de proyectos editoriales. Cuenca, Universidad de Castilla-La Mancha - Blanco Valdés, J. (2009). Do orixinal ao libro. Manual de edición técnica . Vigo: Xerais - Prieto Espinosa, A., Lloris Ruiz, A., Torres Cantero (2006). Introducción a la Informática. Editorial McGraw-Hill <p>Bibliografía</p> <ul style="list-style-type: none"> - Beekman, G. (2006). Introducción a la informática. Pearson / Prentice Hall - Buen Unna, J. de (2008). Manual de diseño editorial. Gijón, Trea - Martínez de Sousa, J. (2005). Manual de edición y autoedición. Madrid, Pirámide - Paz González, F. (2010). Manual imprescindible de InDesign CS5. Madrid, Anaya Multimedia.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías